



ÁLVARO VILA ARAUJO, voceiro do Grupo Provincial Socialista da Deputación de Ourense, en base ao previsto na Lei de Bases Reguladora do Réxime Local, ó artigo 91 e 97, entre outros, da Regulación de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e o Regulamento desta corporación presenta unha **MOCIÓN PARA A ADOPCIÓN DUN PLAN DE DESENVOLVEMENTO DO SECTOR MINEIRO NA PROVINCIA DE OURENSE**.

A provincia de Ourense ten un notable potencial mineiro, con importantes xacementos minerais industriais e metálicos, pero tamén de terras raras. Estudos e proxectos reflicten o interese e a investigación arredor do potencial mineiro, que vai desde minerais industriais até materias primas críticas para as actuais tecnoloxías. Entre os recursos máis destacados sitúanse o granito e a lousa, erixíndose Ourense coma un dos principais produtores do Estado, sendo materiais moi demandados na construción, cubertas e revestimentos en España e no estranxeiro. Tamén hai importantes continxentes de cuarzo, que se explota nomeadamente na industria do vidro e da cerámica, así como estaño e volframio, se ben a súa explotación ten diminuído nos últimos tempos. Doutra banda, tamén se constatan depósitos de terras raras, sendo a súa explotación apenas incipiente. A lousa e o granito son as industrias máis activas, non recibindo os xacementos metálicos e de minerais estratéxicos suficiente atención nin investimentos. Falta de iniciativa e atención públicas, amais da carencia de infraestruturas teñen limitado o seu desenvolvemento, resultando que a minería da provincia atópase infraexplotada en comparación coas súas capacidades reais.

Proxectos en curso e estudos recentes dan conta das posibilidades da minería na provincia de Ourense. Recursos Minerales de Galicia, S.A., filial do Grupo SAMCA, presentou o proxecto Mina Doade, que contempla unha explotación subterránea sobre unha superficie de 13,62 Ha. e unha planta de tratamento litio e feldespatos na zona de Doade-Beariz. O Instituto Xeolóxico e Mineiro de España ten realizado estudos na Conca de Maceda, identificando o seu interese para a explotación de arxilas comúns. A provincia posúe alomenos sete materias primas consideradas “críticas” pola UE debido á súa importancia económica e as dificultades e riscos inherentes no seu subministro, ao provir maioritariamente de países en conflito. Estes minerais son esenciais para a fabricación de baterías de coches eléctricos e paneis solares, senso susceptible a súa explotación de situar a Ourense coma referente na produción de materiais estratéxicos para tecnoloxías emerxentes. Neste senso, a empresa canadiana IberAmerican Lithium ten reivindicado o potencial de Galicia e o norte de Portugal para converterse no principal centro europeo de produción de litio. A compañía, que se fixo co 100% dos dereitos dos xacementos de Alberta II e Carlota no concello de Avión, considera a Ourense o epicentro do “cinto do litio” europeo.

No Pleno de xuño de 2024 desta Deputación, o Grupo Provincial Socialista xa presentou unha moción “para atender os efectos do peche provisional da Mina de Penouta e avaliar as oportunidades ofrecidas polas economía dos metais raros”. O xacemento, recoñecido coma o único en Europa onde se extrae coltán (columbita-tantalita), esencial para a fabricación de



compoñentes electrónicos, é o exemplo palpábel dun negativo impacto económico e social derivado dunha deficiente xestión por parte da Xunta de Galicia, mentres a Deputación de Ourense se desentende e mira para outro lado. O peche de Penouta resulta fatal para a comarca de Viana do Bolo, deixando sen fonte de sustento directo a 129 familias, así como empresas auxiliares e de servizos, estimando os sindicatos que se crean até tres postos indirectos por cada traballador da explotación. A Xunta nunca albiscou o auténtico potencial de dispor dunha explotación de coltán respectuosa da entorna e ben xestionada, capaz de aportar recursos de elevado valor engadido e prosperidade a toda unha comarca. Unha mina apuxada a ser fonte de riqueza para a provincia, susceptible de atraer investimentos cualificados, capaces de dinamizar o tecido produtivo, devindo un polo de especialización industrial estratéxico, xerando novas infraestruturas e pulando do desenvolvemento até mesmo revertir tendencias de despoboamento e envellecemento.

A potenciación do sector da minería de xeito sustentable está chamado a ser un vector de diversificación económica provincial, reducindo a dependencia do sector servizos e agropecuario, xerando unha meirande estabilidade e incrementado o PIB de Ourense. Da manda da minería crearíanse milleiros de postos de traballo directos e indirectos, tanto nas actividades extractivas coma en todo o tecido económico asociado, que inclúe o procesamento, o transporte e absolutamente toda a pléiade de servizos asociados. En último termo, a minería baseada en modelos sustentables e respectuosos da entorna certamente pode contribuír a fixar poboación no rural, freando o éxodo ás cidades, ao tempo que atrae novos e cuantiosos investimentos e progreso tecnolóxico á provincia, servindo de revulsivo para a mellora de comunicacións e infraestruturas, así coma o reforzo sen paliativos dos servizos dirixidos á veciñanza. A conclusión é clara: Ourense ten un gran potencial mineiro que, ben orientado e xestionado, está chamado a traducirse en riqueza e emprego, mellorando as condicións de vida da xente. Porén, isto precisa dunha visión estratéxica que dote de equilibrio ás explotacións e sustentabilidade, non podendo a Deputación de Ourense quedarse á marxe.

No seu estudo *Bajo Tierra* (2024, Editorial Arpa), o economista carballiñés Adrián Godás sostén que non é posible a transición enerxética sen minería. Os poderes públicos competentes son a chave na regulación, promoción e supervisión da actividade mineira. A Deputación ten a obriga de reflexionar e aportar iniciativas para que a nosa provincia deixe de languidecer, exercendo un rol de guía e motor, buscando axudas e atraendo investimentos. Compete efectivamente á Xunta de Galicia a xestión dos permisos de exploración e explotación, velando polo respecto da regulación medioambiental e laboral. Existen partidas de subvencións e axudas para “proxectos estratéxicos”, como a minería de litio e terras raras. Hai fondos comunitarios para a transición ecolóxica e recuperación de antigas concas mineiras. Tamén hai subvencións de apoio para a innovación e a tecnoloxía cara unha minería máis eficiente e menos contaminante. Hai exemplos abondo no mundo do rol dos poderes públicos subestatais para promover a explotación ordenada dos recursos minerais e garantir beneficios para as comunidades locais sen comprometer o medio ambiente, tanto en España (Mina de San José de Valdeflórez, en Extremadura) coma en Europa (implicación do goberno de



Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar
32003 Ourense
Tlf. 988 317 972
CIF: G32244345

Sajonia-Anhalt, en Alemaña, captando fondos europeos para reactivar minas e reducir o impacto ambiental) e América (governos de Ontario e Quebec despregan programas de apoio á explotación mineira).

Por todo o exposto o Grupo Provincial Socialista presenta as seguintes **PROPOSTAS DE ACORDO**:

PRIMEIRA.- Demandar da Deputación de Ourense a adopción dun Plan Provincial para o Desenvolvemento do Sector Mineiro (MineOU), con obxectivos claros e dotado de recursos suficientes para, entre outros, elaborar un catálogo de recursos mineiros e dar conta do estado do sector na provincia, establecer áreas prioritarias, e promover campañas de atracción de investimentos e captación de fondos nacionais, comunitarios e internacionais.

SEGUNDA.- Demandar da Xunta de Galicia á posta en marcha de mecanismos de coordinación que permitan a participación de representantes da Deputación de Ourense, dos concellos e colectivos afectados por calquera iniciativa, notificación de interese e proxecto de prospección ou explotación mineira que teña lugar dentro dos límites territoriais da provincia.

En Ourense, a 12 de febreiro de 2025.

Asinado: **Álvaro Vila Araújo**

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE